

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	A Guía	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM01	Transporte e loxística	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0629	Organización do transporte de mercadorías	2024/2025	6	140	168
MP0629_12	Funcionamento e custos da empresa de transporte	2024/2025	6	50	60
MP0629_22	Planificación e avaliación do servizo de transporte	2024/2025	6	90	108

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	YOLANDA ÁLVAREZ GARCÍA, MIRIAM SÁNCHEZ MOREIRA (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Transporte e Loxística consiste en organizar, xestionar e controlar as operacións do transporte de mercadorías e de persoas nos ámbitos nacional e internacional, e en planificar e xestionar as actividades loxísticas dunha empresa, de acordo coa normativa e cos obxectivos establecidos pola dirección da empresa, nun marco da calidade, seguridade e respecto ambiental.

Este módulo pertence á Formación Profesional da familia profesional de COMERCIO E MARKETING. O alumnado matriculado neste módulo provén dun xeito maioritario de Vigo e da súa área de influencia. Xa que se trata dun réxime de adultos a maior parte deles están empregados e outra gran parte proceden doutros ciclos, e destes unha gran porcentaxe do Ciclo Superior de Comercio Internacional por lo que non é a primeira vez que se matriculan neste centro. Estes datos, son doutros anos xa que este ano é a primeira vez que se imparte a distancia e a procedencia pode variar.

Vigo é unha gran cidade, conta con unha importante infraestrutura terrestre, aérea e unha das mais importantes a nivel mundial no comercio e transporte marítimo, polo que multitude de empresas teñen a súa sede nesta localidade dalí as oportunidades que teñen de traballo os alumnos que posúan este título.

Neste senso esta programación adecúase a estas necesidades do entorno que permite formar profesionais con coñecementos que lle permiten adaptarse á demanda destas empresas.

As persoas que obteñan o título de Técnico Superior en Transporte e Loxística exercerán a súa actividade en empresas do sector do transporte e a loxística, tanto por conta propia como por conta allea, realizando funcións de planificación, organización, xestión e comercialización do servizo de transporte e/ou de loxística, tendo en conta a situación periférica de Galicia en España e Europa e que o 80% das súas mercadorías se transportan por estrada, a importante rede de portos, a progresiva importancia do transporte multimodal e a peculiaridade do seu transporte de viaxeiros.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno ou a alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector do Transporte e Loxística, tanto por conta propia como por conta allea, realizando funcións de planificación, organización, xestión e comercialización do servizo de transporte e/ou de loxística,

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Xefe/a de tráfico de empresas de transporte de persoas por estrada.

Xefe/a de operacións.

Xerente da empresa de transporte.

Inspector/ora de transporte de persoas por estrada.

Xefe/a de estación de autobuses.

Xestor/ora de transporte por estrada.

Comercial de servizos de transporte por estrada.

Administrativo/a de servizo de transporte por estrada.

Xerente de empresas de transporte por estrada.
 Xefe/a de circulación.
 Axente de transportes.
 Axente de carga.
 Xefe/a de tráfico en actividades de transporte.
 Xefe/a de administración en transporte terrestre, aéreo, marítimo e multimodal.
 Xefe/a de tráfico en actividades de transporte combinado.
 Comercial de servizos de transporte.
 Operador/ora de transporte porta a porta.
 Transitario/a.
 Consignatario/a de buques.
 Operador/ora loxístico/a.
 Xefe/a de almacén.
 Técnico/a en loxística do transporte.
 Coordinador/ora loxístico/a.
 Técnico/a en loxística inversa.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O servizo de transporte terrestre.		37	22
2	Os custos de explotación das empresas de transporte de mercadorías.		23	14
3	Planificación e xestión do servizo de transporte de mercadorías.		27	16
4	A programación e xestión do tráfico diario.		36	21
5	El control del servicio de transporte de mercancías.		27	16
6	El control de la calidad y medioambiente del servicio de transporte.		18	11

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O servizo de transporte terrestre.	37

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Deseña a estrutura e o funcionamento do departamento de explotación ou tráfico na empresa de transporte, aplicando métodos de organización do traballo.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as normas e as regras relativas á organización do mercado do transporte de mercadorías por estrada, á xestión e á venda dos servizos, e á loxística.
CA1.2 Relacionáronse as categorías das actividades auxiliares e complementarias de transporte cos súas funcións e o seu estatuto.
CA1.3 Elaboráronse organigramas do conxunto do persoal en función dos tipos de organización dunha empresa de transporte de mercadorías, e organizáronse plans de traballo.
CA1.4 Relacionáronse as fases e as operacións do proceso de prestación do servizo de transporte de mercadorías, cos medios, os equipamentos e os recursos humanos que interveñen nel.
CA1.5 Asignáronse as funcións dun departamento tipo de tráfico dunha empresa de transporte de mercadorías.
CA1.6 Determinouse, no departamento de tráfico, a distribución do traballo e das funcións, as directrices de funcionamento e a relación con outros departamentos.
CA1.7 Caracterizáronse os trazos fundamentais dun sistema de información e control documental aplicable ao servizo de explotación ou tráfico.
CA1.8 Elaboráronse os tipos de informes máis habituais nun departamento de tráfico ou explotación nas empresas de transporte.

4.1.e) Contidos

Contidos
Sector de transporte terrestre: estrutura, características e funcionamento.
Tipos de infraestrutura no transporte de mercadorías. Actividades auxiliares e complementarias do transporte (operadores de transporte). Empresas autorizadas de arrendamentos de vehículos. Tipos de organización por departamentos.
Servizo de transporte de mercadorías. Proceso de prestación do servizo: características e procedemento. Carga completa e a paquetaría.
Departamento de explotación ou tráfico dunha empresa de transportes: organigrama funcional.
Técnicas aplicables á organización do departamento de tráfico no transporte de mercadorías. Procedementos de elaboración de diagramas. Métodos e tempos de realización dos traballos. Utilización dos vehículos, outras máquinas e ferramentas de traballo.
Sistemas de información e documentación.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Os custos de explotación das empresas de transporte de mercadorías.	23

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza as variables que determinan os custos de explotación en empresas de transporte de mercadorías, aplicando diferentes métodos de cálculo.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Clasifícanse os custos de explotación nas empresas de transporte de mercadorías e avaiouse a importancia relativa de cada un.
CA2.2 Diferenciáronse os conceptos de gasto, custo e pagamento no transporte de mercadorías.
CA2.3 Identifícanse os centros de custos nas empresas de transporte de mercadorías e explicouse o tipo de custo que xeran.
CA2.4 Analizáronse os principais métodos de imputación de custos fixos.

Criterios de avaliación

CA2.5 Calculáronse os custos do transporte correspondentes a un período dado e os custos por unidade de servizo (por vehículo, por quilómetro, por viaxe ou por tonelada), utilizando aplicacións informáticas.

CA2.6 Relaciónáronse os soportes documentais utilizados nas empresas de transporte coa clase de custos sobre o que proporcionan información.

4.2.e) Contidos
Contidos

Estrutura de custos da empresa de transporte de mercadorías. Clasificación dos custos: fixos e variables; directos e indirectos. Centros de custos. Amortización.

Métodos de imputación de custos indirectos.

Observatorios de custos de empresas de transporte.

Diferenza entre custo, gasto e pago.

Modelos de cálculo de custos: custos por vehículo, por quilómetro, por carga e por viaxe. Cálculo de custos con follas de cálculo.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Planificación e xestión do servizo de transporte de mercadorías.	27

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica o servizo de transporte de mercadorías calculando as previsións de tráfico, aplicando criterios económicos e organizativos.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA1.1 Establecéronse os obxectivos e as estratexias do departamento de tráfico de acordo coa política e os obxectivos xerais da empresa.

Criterios de avaliación
CA1.2 Determináronse os parámetros que interveñen na planificación das operacións de transporte de mercadorías.
CA1.3 Determináronse os servizos que deben contratarse co exterior, os seus controis axeitados e/ou a necesidade de adquisición de novos vehículos.
CA1.4 Seleccioneuse o método para mellorar os servizos de transporte de mercadorías, ampliando os percorridos en carga e reducindo tempos de execución.
CA1.5 Confeccionáronse as rutas do transporte co mellor trazado posible, reducindo tempos e os percorridos, e determinando as características técnicas dos medios de transporte.
CA1.6 Determináronse itinerarios, permisos, autorizacións e horarios coa Administración competente, segundo estableza a normativa aplicable a cada tipo de carga (mercadorías voluminosas, perigosas e perecedoiras, e animais vivos).
CA1.7 Previuse o procedemento e as xestións necesarias para realizar un transporte alternativo como consecuencia dunha avaría nun medio de transporte destinado a un servizo concreto.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Obxectivos e estratexias do departamento de tráfico ou explotación da empresa de transporte de mercadorías.</p> <p>Características do transporte de mercadorías: compatibilidade entre o medio e a carga, elección do medio de transporte, segundo o servizo e a mercadoría prevista.</p> <p>Planificación do servizo de transporte: procedemento. Demanda do servizo. Planificación de cargas</p> <p>Subcontratación do servizo de transporte: alternativas; procedemento.</p> <p>Métodos de programación de rutas aplicables a cada tipo de carga: puntos de carga e descarga, puntos de paso (fronteiras e alfándegas), restricións de circulación, permisos, autorizacións e horarios.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A programación e xestión do tráfico diario.	36

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Programa o tráfico diario aplicando os criterios establecidos pola organización e o nivel de servizo establecido para cada cliente.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse as redes de transporte utilizadas habitualmente e definidas pola xeografía, describindo as súas características máis salientables e as normas, as prohibicións e as restricións á circulación no ámbito autonómico, estatal, comunitaria e inte
CA2.2 Confeccionouse a ruta dun servizo de transporte, utilizando programas informáticos, co mellor trazado posible en función do número e do tipo de vehículos dispoñibles, o número de puntos de repartición e recollida, así como a cantidade e o tipo de mercador
CA2.3 Identifícaronse os principios, as técnicas, as regras e as precaucións xerais que se deben ter en conta na carga, na estiba e na descarga das mercadorías, na distribución, na arombaxe e no calzamento no vehículo, en especial os contedores e as cargas de g
CA2.4 Seleccionáronse os tipos de dispositivos de mantemento e carga en función da mercadoría (comportas, contedores, paletas, etc.).
CA2.5 Determináronse horas de saída e chegada, o tempo de conducción e de descanso, segundo a normativa aplicable e as consignas e instrucións sobre conducción preventiva establecidas pola empresa.
CA2.6 Seleccionáronse os documentos necesarios para a realización dos servizos de transporte por estrada.
CA2.7 Analizáronse os procedementos de verificación para garantir a presenza, tanto na empresa como a bordo dos vehículos, dos documentos correspondentes a cada operación de transporte realizada, en particular os documentos relativos ao vehículo, á persoa que c
CA2.8 Puxéronse en práctica os procedementos axeitados para respectar as normas relativas ao transporte de mercadorías perigosas e residuos, de bens perecedoiros e de animais.

4.4.e) Contidos

Contidos
Xeografía física e política mundial.
Métodos de cálculo na programación de transporte: confección de rutas. Pert, Voxel, custo mínimo, esquina noroeste, etc.
Métodos de distribución de cargas e estiba. Carga, estiba e descarga. Manipulación da mercadoría. Protección física da mercadoría. Dispositivos e equipamentos de mantemento e carga. Limitacións segundo a normativa de circulación.
Cálculo de tempos de tránsito, conducción, outros traballos e descanso.
Documentación de tráfico: normativa reguladora. Documentación do transporte: vehículo, mercadorías e persoa que conduza.
Xestión do servizo de transporte de mercadorías.
Especialidades do transporte de mercadorías: Transporte de mercadorías perigosas, perecedoiros e de dimensións especiais, e de animais vivos. Transporte de mercadorías perigosas e residuos: Directiva 94/55/CE4, Directiva 96/35/CE5 e Regulamento (CEE) n.º

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	El control del servicio de transporte de mercancías.	27

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Controla as operacións e a documentación do tránsito de mercadorías e medios de transporte, aplicando a normativa e respectando as instrucións establecidas pola empresa, e resolve as incidencias, as irregularidades e as reclamacións que se produzan durante a prestación do servizo.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionouse o método de control de tempos de conducción e descanso, e elaboráronse os informes correspondentes.
CA3.2 Analizáronse as incidencias máis comúns que poidan presentarse na realización dun servizo de transporte, tendo en conta os tipos de cargas (carga xeral, mercadorías de dimensións especiais, perigosas, perecedoiras e de animais vivos).
CA3.3 Aplicouse a normativa e o procedemento que cumpra seguir no caso de accidentes na realización dun servizo de transporte, tendo en conta os tipos de cargas (carga xeral, mercadorías de dimensións especiais, perigosas, perecedoiras e de animais vivos).
CA3.4 Analizáronse as posibles reclamacións derivadas dos contratos de transporte de mercadorías, e identificáronse as que se resolven ante as xuntas arbitrais.
CA3.5 Calculáronse as posibles sancións correspondentes a infraccións derivadas do incumprimento da normativa no desenvolvemento dunha operación de transporte por estrada.

4.5.e) Contidos

Contidos
Control de operacións de transporte de mercadorías: informes de control.
Métodos de control de operacións de transporte de mercadorías por estrada. Tacógrafo. Tempos de conducción e descanso; Regulamento 561/2006 CE. Tempos de traballo; Directiva 2002/15. Limitador de velocidade.
Continxencias no tránsito de mercadorías: accidentes, avarías e incidentes.
Reclamacións derivadas de danos, perdas ou avarías das mercadorías, ou retraso na súa entrega. Métodos de resolución de reclamacións e conflitos. Xuntas arbitrais. Normativa reguladora. Procedemento. Alleamento e venda das mercadorías.
Infraccións e sancións no transporte por estrada. Baremo sancionador. Tipoloxía e importe.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	El control de la calidad y medioambiente del servicio de transporte.	18

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Relaciona os sistemas para o control da calidade e do respecto polo ambiente do servizo de transporte, analizando as necesidades da clientela, avaliando os custos e elaborando informes que apoiem a dirección e o equipo de traballo na toma de decisións.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os requisitos para a implantación dun sistema de calidade na empresa.
CA4.2 Identificáronse os parámetros que miden a calidade do servizo de transporte de mercadorías.
CA4.3 Aplicáronse as técnicas máis utilizadas polas empresas de transporte para avaliar a calidade do servizo, utilizando a información subministrada por medios informáticos e telemáticos.
CA4.4 Elaboráronse informes sobre a calidade do servizo prestado, as incidencias que produciran e a solución formulada.
CA4.5 Analizáronse os aspectos e os impactos ambientais das operacións de transporte.
CA4.6 Analizáronse os requisitos lexislativos ambientais do sector do transporte.
CA4.7 Identificáronse as ferramentas axeitadas para a xestión ambiental.

4.6.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos de calidade de prestación dun servizo.
Xestión da calidade na prestación dun servizo de transporte. Parámetros de medida da calidade. Compoñentes, obxectivos e métodos na calidade de empresas de transporte de mercadorías. Avaliación do custo da non-calidade.
Aplicación de técnicas estatísticas na medición da calidade de servizos. Elaboración de enquisas e aplicación práctica.

Contidos

Implantación dun sistema de xestión ambiental do transporte de mercadorías. Normativa. Proceso de implantación. Elementos de xestión ambiental

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Este módulo consta de 2 unidades formativas (UF), cada unha delas con seus correspondentes resultados de aprendizaxe (RA), criterios de avaliación (CA) e contidos básicos.

Para superar o módulo débense superar todos os RA.

Para superar cada RA do módulo hai que superar todos e cada un dos CA asociados a devantido RA.

Cada RA ten un peso específico respecto a a cualificación final do módulo que será a media ponderada de todos os RA a condición de que estean todos superados, de acordo á seguinte ponderación:

A UF1 que corresponde coas unidades didácticas (UD) 1 e 2, asociadas aos RA 1 e 2 da devantida unidade formativa, teñen unha ponderación dun 22% a UD1 e dun 14% a UD 2 respecto a cualificación final do módulo, por tanto a nota da primeira avaliación que abarca a UD1 e a UD2, supoñerá un 36% na nota final.

A UF2 que corresponde coas unidades didácticas 3, 4, 5 e 6, asociadas aos RA 1, 2, 3 e 4 da devantida unidade formativa, teñen unha ponderación dun 16% a UD3, dun 21% a UD 4, dun 16% a UD5 e dun 11% a UD 6 respecto a cualificación final do módulo, por tanto a nota da segunda avaliación que abarca a UD3 e a UD4, supoñerá un 37% na nota final e a nota da terceira avaliación que abarca a UD5 e a UD6, supoñerá un 27 % na nota final.

Todos os Criterios de Avaliación (CA) establécense como mínimos tendo que acadarse o 50% da cualificación de cada un para ter unha avaliación positiva. O cálculo do 50% establecerase no nivel mínimo de logro que corresponda ao instrumento de avaliación empregado.

Os procedementos de avaliación que se aplicarán serán:

a. Probas de coñecementos (supoñeran un 70% da cualificación final):

i. Consistirán en exames escritos con preguntas curtas e/ou a desenvolver, cuestionarios tipo test ou supostos prácticos.

ii. Conterán instrucións de realización con indicación de a cualificación máxima por preguntas ou apartados.

b. Probas de produto e/ou desempeño (supoñerán un 30% da cualificación final):

i. Consistirán en tarefas individuais.

ii. Conterán indicacións/instrucións precisas sobre como presentalas, os formatos de presentación, os prazos de presentación e de como se cualificarán (niveles de logro e indicadores).

Para que un alumno/a poida superar o módulo ten que obter como mínimo unha nota igual ou maior a 5 puntos, entre as probas escritas e as tarefas.

70% Proba escrita + 30% Tareas.

Para poder sumar a nota das tarefas á proba escrita, dita proba escrita ten que ser superada con mínimo 5 puntos.

Realizaranse tres probas escritas, incluíndo en cada unha delas dúas unidades didácticas, ao longo do curso.

O alumno/a que supere as tres probas escritas, realice as tarefas e alcance un mínimo de 5 puntos terá superado o módulo. A nota final do módulo será a media ponderada das 6 unidades didácticas.

O alumno/a que non supere algunha das probas escritas, ou que superándoas, non alcance un mínimo de 5 puntos, terá que presentarse en xuño a unha proba escrita das partes non superadas. A nota final do módulo, neste caso, será a media ponderada das notas obtidas nas avaliacións superadas e as notas obtidas na proba de recuperación de xuño das avaliacións pendentes de superar.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. As probas con cualificacións inferiores a 5 puntos deberán ser superadas no mes de xuño.

2. O alumno/a que superando as probas escritas, non alcance un mínimo de 5 puntos, terá que presentarse en xuño a unha proba para poder alcanzar eses 5 puntos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non procede neste tipo de ensino.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Cada 15 días, farase o seguimento da programación na aplicación informática.

Mensualmente se dará conta na reunión de departamento preceptiva deste seguimento.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Presentacións segundo o protocolo xa establecido na aula virtual.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Non se prevén medidas de reforzo educativo neste tipo de ensinanzas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta o anterior no ámbito da familia profesional de Comercio e Marketing, trataranse as seguintes temáticas, de xeito transversal, tanto nas tarefas do profesorado como do alumnado:

1. Valores democráticos e mellora da cohesión social.

2. Loita contra a pobreza e contribución ao desenvolvemento humano.
3. Dereitos Humanos.
4. Protección das minorías e do colectivo LGTBIQ.
5. Dereitos laborais.
6. Respecto das condicións de competencia.
7. Transferencia de tecnoloxía: respecto licenzas e patentes.
8. Preservación do Medio Ambiente. A sustentabilidade.
9. Promoción da igualdade de xénero.
10. Reforzo do respecto dos Dereitos Fundamentais. A protección de datos persoais.
11. Deontoloxía profesional.
12. Identidade dixital: netetiqueta en foros de discusión, envío de correos electrónicos, chats, uso da videoconferencia, etc...

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Sempre que se poida, farase unha visita a unha empresa do sector, charla dun profesional do transporte de mercadorías por estrada,...teniendo en cuenta que ao ser unha formación a distancia estas actividades van ser totalmente voluntarias e sempre que haxa quorón suficiente.